



A meiga de Praderrei¹

Fabio Rivas²

Fálase bisbarra adiante que meiga coma a de Praderrei nunca houbo outra. Resulta que mandou a pequena de Balbina a se enzoufar nas lameiras de San Xusto e axiña lle sandaron os sarabullos do lombo; ao señor alcalde, cando neno, disque lle corou o mal de riles cunha apócema de ruda e loureiro.

O caso da Mucha de Morañó, a quen al-
gunhas dicían *Murcha* cun aquel de burla
presumible, non che me é tan sinxelo de com-
prender. Sendo como era a maior de seis irmás,
as inqedanzas do azar non tiñan a ben conce-
derlle aquilo da descendencia: mesmo a máis
cativa das seis, acabada de casar, empreñara ao
pouco da cerimonia. Houbo incluso quen afir-
mou que viña xestante de antes de se prome-
ter. A Mucha de Morañó, cansa de tanto pulo
baldío sobre as ondas da Lanzada, acordou co
home ir visitar a meiga se desa volta o período
acudía, como cada mes, na data prevista. Así
aconteceu durante a noite e foi coa ceda que
se encamiñaron cabo do rego, carrexando no
lombo catro ducias de ovos de oca e dúas bote-
llas da súa purrela de mellor calidade. Cara ao
mediodía, a meiga recibíunos nun galpón cheo
de trebellos en aparente desorde.

Polo que din, a meiga acusou o marido da
improdutividade tal e como o viu aparecer polo
carreiro, cousa que el, home circio e gallardo,
non tomou a ben. A meiga ordenoulle buscar
unha silveira con amoras sen maduraren e cru-
zar embaixo dela nove veces, as mesmas que

Mucha de Morañó saltaba sobre as ondas da
Lanzada. Ademais, por se non fose suficiente
humillación, cunha estampa de san Xerardo
amarrada na entreperna. Teño entendido que o
levou a cabo de madrugada querendo eludir,
inutilmente moi ao seu pesar, o asexo.

A veracidade destes contos éme descoñeci-
da, pero, así e todo, hoxe en día a taberna non
che ten mellor cliente ca o señor alcalde e os
xemellos de Mucha de Morañó coñézoos des-
de que eran nenos do colo. Non lle sei tampou-
co o nome á meiga, nin tan sequera a idade, se
é que aínda vive. O único que sei con certeza
é que necesito dar con ela antes de que sexa
demasiado tarde.

Seguindo as indicacións vagas e máis ben
imprecisas, dou coa sebe que limita a propie-
dade da meiga. Desacógame atopala comes-
ta pola carriza. Hai moito tempo que ninguén
atende o camiño; talvez moito tamén que nin-
guén o percorre. As queirugas inzan as eiras a
monte e as bardas fican chantadas a se deixaren
podrecer. Un carreiro de lastras, camuflado por
fieitos e toxos en flor, ascende ás agachadas
pola congostra que conduce á vivenda. Sobre
min, o sol azouta xeitoso e axiña me escorre-
ga a suor tempas embaixo. Ule a ausencia e
desarraigo.

Ao remate do empedrado dá comezo unha
nova senda de terra pisada e ao seu fin xorde
fronte a min unha casa de dous andares cun
aire de grandeza. Semella todo o contrario ao

¹ Este relato foi galardoado co segundo premio nos Premios Provinciais á Xuventude da Deputación de Pontevedra (2023) na categoría de narrativa breve.

² https://gl.wikipedia.org/wiki/Fabio_Rivas; <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/fabio-rivas>.

casoupo miúdo e avellentado que imaxinara a raíz das descrições que me souberon dar persoas que tampouco o visitaron. Quizais errase nalgún cruce de camiños.

A carón da porta localízase un pequeno poio que parece agromar do propio granito da fachada. Sobre el, dúas macetas con dalias e magnolias encarnadísimas contrastan coa maleza que medra á valga a unha escasa ducia de metros. O sobrado está pechado por un longo peitoril, que une a terraza e o patín e do que caen unha sorte de herbas podadas ao milímetro. Da sopena lógrase albiscar unha ringleira de tellas que sobresaen incólumes, da cor do barro, como acabadas de poñer. No cume, a cheminea fumega; eu respiro con alivio. Se non atinei co lugar, polo menos alá haberán de me dicir onde vive a meiga.

Rodeo paseniño a facenda coa intención de comprobar se atopo alguén no circundo. Non hai unha alma. A cada paso que dou, a casa abráiame máis e máis: na aldea, nin as dos indianos gozan de tales dimensións. Reparo en que tras as reixas de ferro forxado das ventás todas as contras están cerradas e decido chamar á porta. De súpeto, alcánzame o cheiro a plantas aromáticas e o piar dos paxaros curiosos.

Cando suxeito a aldaba e estou a piques de bater con ela, sinto o renxido metálico das lapelas dun portal a se abriren ás miñas costas. Coa impresión que me causou a vivenda, nin me decatara do alpendre situado ao bispel da entrada. A través do limiar sae unha rapaza nova, fermosa, cunha melenas amourada que lle esvara polos ombreiros coma unha fervenza confeccionada con retallos da noite. Os ollos, grandes e redondos, escintilan ao xeito da lúa.

—Que se lle perdeu a vostede por aquí? —a rapaza mírame de esguello mentres pasa ao meu lado cunha carreta de leña. Coido que non ten moito interese en min.

Antes de responder, retiro respectuosamente a pucha da testa. Trémeme as mans e noto un arreguizo a me subir do espiñazo deica a caluga. Dubido uns segundo en silencio e remato por lle confesar, coa cabeza abaixada, que veño ver a meiga.

—Débelle algo a ela? —nego cun xesto breve—. E ela a vostede? —volvo acenar.

—Preciso dos seus dotes, señora.

Cústame non atuar unha moza á que apenas sacarei un par de anos, pero, ao cabo, aquí son eu o estranxeiro e non me queda outra opción máis que gardar as formas e corresponder as esixencias non pronunciadas. A rapaza

empurra co cu a porta da casa, que abre cun asubío case inexistente, e deste xeito introdúcese turrando da carreta chea ata o bordo. Convidame a ir canda ela e éme inevitable revisar o meu calzado: paréceme un sacrilexio entrar en tamaño templo coas botas enzoufadas de lama. Así e todo, avergonzado, persigo o ronsel de terra que a roda da carreta vai deixando no amplo corredor ata alcanzar a cociña.

A anciá pace coa boca núa mentres un fio de saliva lle corre pola comisura dos beizos. Respira forte e pausadamente, coma nunha serie continuada de últimos estertores, e ás veces venta abrindo as fosas nasais tal que dúas xanelas antes de expulsar de novo o aire. Os ollos, inmóbiles e fixos, agóchanse aniñados nos buratos do seu rostro cadavérico. É un recipiente oco. A estancia garda o fresco grazas á penumbra das contras pechadas e a vella, empoleirada na cadeira de brazos, descansa cuberta por unha manta de liño sobre o mandil. Recende a enfermidade. Anícome á súa beira e fállolle, pero nin sequera fai por me responder: as miñas esperanzas atragóanse no medio e medio da gorxa coma un nó de sete cabos. O mundo enteiro cae sobre min.

—Chega vostede tarde —confirma a rapaza, solemne e tristeira—. A avoa non exerce desde o ictus. Hai ben anos, xa.

Tal e como me levanto, os meus xeonllos estralan coma pólas pisadas e teño a sensación de envellecer unha década. Antes de partir, disposto a desculpar a intromisión e a lle cobizar todo o mellor para esa señora que tan xenerosamente acudiu noutroza a tantas familias, a moza pídeme que agarde. Así fago. Mentres baleira o boquelo da cociña de leña e prende unha piña, non son quen de quitarlle o ollo de enriba. É aínda máis fermosa do que pensaba. O seus movementos áxiles e delicados convídanme a querer observala para a eternidade e a forma angulosa que toman os seus labios... Inspiro. De golpe, sacudo a cabeza para afastar os pensamentos. Para iso estou aquí, para evitar que isto aconteza. Para frear o desexo. Obrígame a dirixir a ollada ao piso antes de que me comecen a ferver os miolos.

—Se lle sirvo eu, aprendín da avoa tanto como me quixo ensinar. Pero xa llo advirto: eu cobro o que considere que lle teño que cobrar. Nin máis, nin menos. Aquí xa non hai sitio para iso da vontade; entenderá vostede que esta casa non se mantén soa.

E subitamente son consciente de que as fagulazas me arden e os meus ollos rebordan auga.

Estou convencido de pagar canto sexa necesario, a miña familia é o máis importante.

—Verá —rompo a falar ao tempo que a rapaza ata o cabelo, deixando á vista o seu pescozo longo e branco—, eu quero as tres por riba de todas as cousas. A miña dona e as nenas, digo. Pero hai veces que en ocasións chegan a ser incontrolables —as palabras foxen por vez primeira da miña boca pesadas e atrecidas, en parte pola confesión da miña debilidade, en parte polo que ela provoca en min—. Non se confunda, nunca acabei por cometer a traizón, pero a tentación espréitame constantemente preparada para me derrubar en calquera momento.

A rapaza asente e contéplame atenta. Xoga cos aneis duns dedos que, de finos, parecen espigas. Non sinto que me estea a xulgar, senón que con cada pestanexo confirma a comprensión. De cando en vez aperta os labios, deseñando con eles un círculo que ben podería gardar as palabras máis aquecidas do mundo.

—No verán do 62, cando a Fina e mais eu aínda moceabamos, deuse a primeira das tantas ocasións en que camiñei a rentes dos límites da fidelidade. Celebrabamos San Miguel e a rapazada toda reuniámonos no campo da festa cara a noitiña. Lembro que a orquestra tocaba o *Mis manos en tu cintura*, de Adamo, e nós os dous bailabamos arrexuntados, nun arfar acompasado e coa habelencia dos que xa levan moitos bailes enriba. Disto que me entraron as ganas de mexar e fun baleirar a vexiga detrás do palco, onde os ollos alleos non chegaban. Xa tiña a pistola ao aire cando me dei conta de que ás miñas costas estaba Luísa, que era, e segue a ser, unha irmá para a Fina. Cruzamos as meniñas, que en realidade levabamos cruzando toda a noite entre rancheiras e baladas, e os dous notamos a fogaxe do outro. Desfixemos a distancia e quedamos observándonos mutuamente; sentindo, en silencio, as nosas respiracións coma se fosen propias.

Detéñome no momento en que a vexo humedecer os labios coa lingua. Ela érguese e fedella entre unha multitude de aparellos dentro do chineiro. Desde a miña posición, a saia deséñalle unhas cadeiras sensuais e o xustillo adhíreselle á pel suada formando unha única película de seda que de boa gana apalparía. Sen a roupa de traballo semella máis nova. Mollo tamén eu os beizos, malia xa estaren empapados, e retomo o discurso tremelicando coma unha vara verde.

—Se chegase a acontecer, cousa que, como lle digo, non ocorreu, talvez non poderíamos estar falando dunha deslealdade. Ao cabo, daquela aínda andabamos a nos facer as beiras —a rapaza vírase e coloca ritualmente na mesa que nos separa un morteiro co seu pequeno mazo de madeira—. Pero máis grave foi o desafortunado encontro que tiveron coa comadroeira, máis ou menos un ano despois, o mesmo día en que a Fina deu en parir a primeira das nosas fillas. Non chegaba eu á vintena e ela abofé superaba os corenta. Entre nós tampouco reverberaba ningún tipo de desexo, pero a figuración de romperlle a chombra e facerlle o amor coa Fina dando a luz na habitación do lado proíame nos baixos.

A seguir, relátolle outros acontecementos semellantes: o da muiñeira manca que xirgaba a foula coa peneira entre os dentes, o da quincalleira de Soutelo, o caso da mocíña do ultramarinos que sempre me bota uns dedos de aceite a maiores do que lle pido. A rapaza presta especial atención ao lle falar de como gozo coas fretas da miña sogra.

—Para o seu problema só coñezo unha solución.

Cústame interpretar o sorriso branco e mol que acompaña a súa voz. Bota no morteiro unha serie de elementos dos que máis nada recoñezo o pemento dos monxes, que emprega a Fina cando lle veñen as dores do menstuo, e o xenxibre. Logo de esmagalos, engade a mestura pastosa a unha xerra de aceite de ricino e dámo a beber. Encétoe e súbeme a bile desde o estómago: ela obrígame a bebelo todo. Decontado comezo a sentir os primeiros efectos da droga e, ao vela espindo o torso sen ningún reparo, a febre rompe a me abafar. Súanme as mans, tamén os pés. O corpo todo. Son incapaz de moverme; tampouco sinto nada máis alá da excitación. Algo no meu interior me inmoviliza.

Logo de remangar a saia ata as coxas, a moza desabotóame o pantalón e senta sobre min coas pernas abertas. Batida tras batida, pouco a pouco tomo consciencia de que vou perder o senso. Pésanme as pálpebras, pésame a cabeza. Ela, con todo, é completamente lixeira e volátil, tan fermosa encol de min. As patas da cadeira flotan no instante en que culmino. *Que lle preste esta última vez*. Así son as derradeiras palabras que logro escoitar antes de caer, esgotado, no abrigo do sono.

Acordo na cama de meu cando xa hai bo tempo que o día despuntou e as galiñas cacarexan

ceibes e ledas á procura de vermes. Teño os mio-
los cheos de ferro pesado pero estou pletórico,
con máis vida en min da que alberguei en sabe
Deus canto tempo. Vou fóra e vexo, sentadas en
cadanseu toco, a Fina e as nenas debullando no
millo. As nubes confabulan e arrédanse unhas
das outras para que as luzadas do sol se pousen
nelas cada poucos segundos: as tres relocen co-
ma xoias puídas con empeño. Non podo evitar
sorrir mirando para os seus rostros inocentes.

—Onde están os cartos da feira? —di Fina
cando se decata da miña presenza—. Marcháron-
che todos na borracheira desta noite?

Case ás alancadas, batendo cos pés no cu,
diríxome a elas. Rodéaoas cos brazos e aperto
nelas con toda a miña forza. Son inmensamen-
te feliz de sabelas, por fin, ao meu carón, para
sempre.

—Vai ti saber onde van os cartos —respón-
dolle en voz baixa—. Será cousa de meigas.